

O viño de Cabanelas: Documentos do mosteiro de San Pedro de Ansemil no Arquivo do Reino de Galicia

Víctor Rodríguez Muñiz¹

Recibido: 20 de febreiro de 2023 / Aceptado: 10 de abril de 2024

Resumo. A intervención dos padroeiros laicos e, de maneira máis ampla, a aristocracia local, ten unha importante relevancia no percorrido histórico dos mosteiros ao longo da Idade Media e, de forma especialmente significativa, na configuración do seu patrimonio. Non é unha excepción a este feito San Pedro de Ansemil (Silleda, Pontevedra), casa dúplice en orixe e pequeno mosteiro feminino en período pleno e baixomedieval. O obxectivo perseguido con este artigo, alén de ofrecer unha breve caracterización histórica do cenobio, consiste en presentar a transcripción dun conxunto de diplomas custodiados no Arquivo do Reino de Galicia correspondentes ao patrimonio do mosteiro. Refírense estes a unha relevante doazón feita a Ansemil polo seu benfeitor Diego Gómez de Deza, na forma dunha renda en viño que previamente tiña adquirido para si mesmo, procedente da localidade de Cabanelas, na comarca do Ribeiro, así coma unha serie de documentos, recollidos nun tombo, vinculados á xestión do modesto patrimonio monástico.

Palabras chave: Idade Media galega; mosteiro feminino; padroado; viño.

[es] El vino de Cabanelas: Documentos del monasterio de San Pedro de Ansemil en el Arquivo do Reino de Galicia

Resumen. La intervención de los patronos laicos y, de manera más amplia, la aristocracia local, tiene una importante relevancia en el recorrido histórico de los monasterios a lo largo de la Edad Media y, de forma especialmente significativa, en la configuración de su patrimonio. No es una excepción a este hecho San Pedro de Ansemil (Silleda, Pontevedra), casa dúplice en origen y pequeño monasterio femenino en período pleno y bajomedieval. El objetivo perseguido con este artículo, además de ofrecer una breve caracterización histórica del cenobio, consiste en presentar la transcripción de un conjunto de diplomas custodiados en el Arquivo do Reino de Galicia correspondientes al patrimonio del monasterio. Se refieren éstos a una relevante donación hecha a Ansemil por su benefactor Diego Gómez de Deza, en forma de una renta en vino que previamente había adquirido para sí mismo, procedente de la localidad de Cabanelas, en la comarca del Ribeiro, así como una serie de documentos, recogidos en un tombo, vinculados a la gestión del modesto patrimonio monástico.

Palabras clave: Edad Media gallega; monasterio femenino; patronazgo; vino.

[en] The Wine from Cabanelas: Documents of the Monastery of San Pedro de Ansemil in the Arquivo do Reino de Galicia

Abstract. The intervention of the secular patrons and, more broadly, the local aristocracy, has an important relevance in the historical course of the monasteries throughout the Middle Ages and, significantly, in the configuration of their assets. San Pedro de Ansemil (Silleda, Pontevedra), a double monastery in origin and a small nunnery in the middle and late medieval period, is no exception to this fact. The aim of this article, besides offering a brief historical characterization of the monastery, is to present the transcript of a set of diplomas kept in the Arquivo do Reino de Galicia related to the nunnery's heritage. These refer to a significant donation made to Ansemil by his benefactor Diego Gómez de Deza, in the form of an income in wine from the town of Cabanelas (in the region of Ribeiro), previously acquired for himself, as well as a series of documents, collected in a tomb, linked to the management of the modest monastic patrimony.

Keywords: Galician Middle Ages; Nunnery; Patronage; Wine.

¹ Universidade de Vigo, Departamento de Historia Medieval, Grupo de investigación H2M.
Correo-e: vmuniz@breoganarqueoloxia.com. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-8073-2388>.

Sumario. 1. Notas históricas. 2. Colección diplomática. 2.1. Pergameos. 2.2. O Tombo do viño. 3. Referencias bibliográficas.

Como citar: Rodríguez Muñiz, Víctor (2024): “O viño de Cabanelas: Documentos do mosteiro de San Pedro de Ansemil no Arquivo do Reino de Galicia”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 27, e104816, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104816>.

1. Notas históricas do mosteiro de Ansemil

Do conxunto do mosteiro medieval de San Pedro unicamente a igrexa sobreviviu ata o presente, continuando a oficiar como templo da parroquia de Ansemil. Esta é sita no concello actual de Silleda e, como no seu xeral a comarca do Deza en que se insire, depende no eclesiástico do bispado de Lugo.

O cenobio afonda as súas raíces, cando menos, ao século X, como testemuña o documento por que recibe, en 972, a doazón da vila de *Sallitres* (hoxe Saídres) (Freire Camaniel 1998: 599). Esta primeira fase do mosteiro, altomedieval, vén caracterizada pola súa condición dúplice, expresa en novas doazóns a que se fai acredor, pois en 1023 se refire a comunidade *monacorum et sacerdotum Dei vel sorores*², e aínda en 1073 se reiteran os termos: *monagorum fratres vel sorores*. Diferente é a consideración que se atribúe só unha década máis tarde, pois novas doazóns en 1083 refiren os *fratres que in vita santa perseveravint* así como a presenza dun abade –*Petrus Tenanzi*, á sazón (Moure Pena 2015: 577)– sen mención de ningún tipo a unha congregación feminina, que cómpre entender desaparecida ou cando menos lateralizada neste intre.

Ábrese a continuación un considerable período caracterizado polo baleiro documental, que abrangue os anos entre 1111 –unha nova

doazón recibida polo mosteiro, sen que ao respecto da súa comunidade ou estrutura se refiran máis datos³– e 1192. Neste intre o mosteiro móstrase como unha casa xa feminina –tal vez refundada logo dun período carente de comunidade⁴– como de manifesto o pon a referencia á súa abadesa nun documento de venda ao veciño cenobio, este masculino, de San Lourenzo de Carboeiro⁵. Entre ambas datas, en 1179, a existencia do mosteiro certifícase pola súa inclusión na relación de casas confirmadas á igrexa de Lugo polo papa Alexandre III, sen que desta nómina resulte ningún outro dato ao respecto de Ansemil, a súa organización ou a súa comunidade (Pérez Rodríguez 2019: 1072, n. 1811).

Cómpre interpretar, porén, que a refundación do antigo mosteiro de San Pedro en abadía feminina bieita posiblemente se tivese producido pouco tempo atrás, e pode eventualmente vincularse coa reconstrución da igrexa monástica, que debe ter acontecido por volta de 1170⁶. Esta é debedora do antigo templo prerrománico –de influencia asturiana– nalgúns solucións arquitectónicas, configurando unha construción en planta basilical, distribuída en tres naves que rematan en cadansúa ábsida rectangular⁷. Nesta reconstrución, como no xeral no proceso de reestablecemento do cenobio, ha de ter desenvolvido un relevante papel a figura dos padroeiros laicos e as conseguíntes doazóns de bens de que se desprenderon en prol da comunidade de monxas. Nomeadamente, é a familia dos Deza a que xogará un rol determinante para o devir do mosteiro e a configuración do seu haber e dominio, a comezar –nunha perspectiva documental– por dona Tareixa Gómez de Deza quen, en 1262, beneficia a Ansemil nas vontades dispostas no seu testamento (López Ferreiro 1901: doc. nº LIX).

² Para esta referencia e as seguintes, se ben a autora non realiza unha transcripción con criterios paleográficos estandarizados, pode lerse Moure Pena 2004: docs. nº 2 a 4.

³ É de referir neste diploma a inhabitual nómina de persoeiros recollidos na data crónica, toda vez que refire como o documento se elabora, baixo o priorado en Ansemil de García (cómpre entender que vacante a abadía) “*reinando o rei Afonso (...) o noso emperador o conde don Raimundo*”. A este respecto, véxase Pérez Rodríguez 2019: 1072, n. 1810.

⁴ Como indica Pérez Rodríguez (2019: 1073), a nova comunidade pode derivar dunha reforma en que se asuma a norma bieita e unha nova condición do mosteiro como feminino; ou ben unha refundación tras un período de baleiro máis ou menos prolongado en que tería permanecido, probablemente, en poder dos padroeiros laicos con ascenden- te sobre o mosteiro, hipótese que asenta como máis probable.

⁵ “A abadesa de San Pedro de Ansemil vende ao mosteiro de Carboeiro o casal de Quintela no lugar de Pardesoa cos seus montes, na freguesía de San Tomé e San Cristovo” (Lucas Álvarez 1999: II, 969, rex. 119).

⁶ *Enciclopedia del Románico en Galicia: Pontevedra* 2013. II, 195, v. ‘Ansemil’.

⁷ *Ibid.*: 184. Ofrécese nesta entrada unha pormenorizada descrición do edificio do templo, sen que nada se poida referir ao respecto do conxunto monástico, para o que non se coñecen evidencias.

A este respecto, a reducida colección documental emanada do mosteiro en tanto que casa feminina –que, após as referencias indirectas anteriormente citadas, se inicia en 1263– consiste maioritariamente en diplomas vinculados á xestión patrimonial. Como é elemento común aos diferentes cenobios galegos, a maior parte do volume documental consiste en foros⁸, indicativos dun modelo de traballo indirecto dos recursos da casa –pois non eran as relixiosas da comunidade as que acometían ese labor–. Se ben son menos frecuentes, consérvanse igualmente diversos documentos que marcan a incorporación de patrimonio ao mosteiro, quer mediante adquisicións⁹, quer con doazóns, fundamentalmente procedentes de mandas testamentarias de que Ansemil é beneficiario¹⁰.

No seu conxunto, a serie de bens sobre a que o mosteiro exerce o seu dominio ou propiedade consiste en elementos de carácter fundiario, prevalecendo de maneira destacada as terras dedicadas ao cereal, con referencias a cebada, millo miúdo e orgo –son escasas as alusións a outro tipo de produtos ou cultivos, como é o caso dunha mención a ‘árbores’ en 1400¹¹– e, en consecuencia, tamén os elementos e construcións auxiliares, de transformación, pois os

que na documentación se expresan redúcense a muíños, referidos en textos de 1349 e 1387¹².

Do conxunto de bens que o mosteiro posuía no século XV ficou constancia pola vía dun inventario recollido no Tombo transcrito na colección documental que acompaña o presente artigo (bloque II, doc. nº 3). Se ben se distribúen por unha relativamente ampla área territorial en derredor de Ansemil, centrada nos actuais termos de Silleda e Lalín¹³, o número total de propiedades recollidas e a súa condición (herdades e casares, fundamentalmente, xunto a outros bens máis específicos –*huu castiro*, un castiñeiro, en Barreiro–) ou casos en que se trata de modestas rendas a percibir dun determinado lugar –do lugar de Bazar, doce pans– fala dun dominio a todas luces moi humilde.

En paralelo á propiedade da terra que estes foros e cartas de doazón mostran, o mosteiro de San Pedro gozaba igualmente de dereitos de presentación sobre templos, se ben –no que supón unha nova mostra da pouquitude do seu dominio– neste caso se reducen a porcións das que, adicionalmente, varias se vinculan non a igrexas parroquiais cuxa designación de reitor dependese do mosteiro, senón a capelas¹⁴.

⁸ Pódense definir esta figura do “foro” como un contrato entre o señor e propietario –neste caso, o mosteiro– cos receptores do ben en cuestión, que implica un arrendo por un período establecido e unha renda determinada a satisfacer, establecéndose alén deste acordo económico un vínculo xurídico de carácter feudal que marca unha relación señor-vasalo entre os asinantes.

⁹ Recóllense na colección documental do mosteiro de San Pedro dúas adquisicións en 1340 e 1368, correspondentes a unha chousa e a porción que, nunha vila en Manduas, tiñan os vendedores (Moure Pena 2015: 589 e 591).

¹⁰ Cómpre indicar entre as mandas testamentarias a legada por dona Urraca Fernández de Traba, quen, entre a relación de mosteiros e institucións a que beneficiou, outorgou *Sancto Petro de Ansimir* 20 soldos (Pichel 2009: doc. nº 15). Da mesma maneira, as doazóns *pro anima*, en que os oferentes dispoñen dos seus bens en testamento coa condición de que as relixiosas preguen pola súa salvación, supoñen un corpo de incorporacións patrimoniais de certa entidade. É isto o que acontece –entre outros casos– en 1348, cando Fernando Afonso manda ser soterrado en Ansemil e deixa ao mosteiro, pola súa alma, diversos bens nas freguesías de Rellas e Escuadro (Moure Pena 2015: 590). Por último, entre os bens que o mosteiro incorpora mediante a fórmula de doazón sitúanse os recibidos no referido documento de 1263 que abre a colección documental propia da casa. Discrepo, con todo, da interpretación que ofrece ao respecto Moure Pena (2015: 578), quen alude a que Ansemil recupera neste acto bens que lle eran propios e lle foran alleados; nada hai na redacción do diploma que indique tal circunstancia xa que o que entregan os receptores do foro –o xuíz de Saíndres e o seu fillo, polo tempo das súas vidas– son bens na freguesía de Manduas (Silleda) de cuxa propiedade estes dispuñan.

¹¹ De maneira máis específica, estipúlase nun foro de bens en Martixe que, en caso de seren postas árbores, á morte dos foreiros tornará propiedade do mosteiro os dous terzos dos mesmos (Moure Pena 2015: 594).

¹² Respectivamente, corresponden a unha manda testamentaria por que o mosteiro recibe o muíño da Ferreira de Outeiro de mans de Rodrigo Eans; e un foro en que se establece que, se os receptores constrúen un muíño, será propiedade compartida, a partes iguais, entre eles e o mosteiro (Moure Pena 2015: 590 e 592).

¹³ Preséntase a continuación a nómina de propiedades do mosteiro de Ansemil que puideron ser identificadas, estruturadas por concello actual, freguesía e lugar. Así, no termo municipal de Silleda, posuía bens na parroquia de Abades (lugar de Bazar), Breixa (Castro), Escuadro (Bustelo), Fiestras (Recimil), Graba (Barreiro), Manduas (Andamollo, Quintela, Ferrozos, Vila Verde), Margaride (Gamil), Martixe (Paradela), Negreiros (Riocalvo), Pazos, Ponte (Meixomence), Rellas, Saíndres (Carracido), Siador e Silleda (lugares de Foxo e Toiriz). Pola súa parte, no concello de Lalín, tiña propiedades nas freguesías de Bendoiro (lugares do Campo e Vilar do Río), Botos, Lebozán (Bustelo), Losón (Milleirós), Noceda, Prado, Santiso, Sello, Xesta (Medelo) e Vilanova.

¹⁴ O inventario de bens inclúe a cuarta parte da ermida de San Lourenzo e a metade da de Santa Mariña, dúas oitavas de pan nunha igrexa (cuxa identidade non se indica, téndose deixado un espazo en branco) e, finalmente, a presentación de dúas partes doutra que, por mala conservación do documento, resulta descoñecida.

Do reducido do patrimonio monástico e a escasa rendibilidade que dos seus bens derivaba é igualmente testemuña a exención que o mosteiro recibiu en 1331 da igrexa lucense, de man do seu bispo Xoán Martínez, eximíndoo do pagamento das rendas e contribucións en pedidos ou subsidios a que habería de estar suxeito, establecéndose unha contía máxima anual de 80 marabedís, o que foi ratificado en 1410. A redacción do texto [bloque II, doc. nº 2.1] é prolixa en alusións á parvidade dos recursos do mosteiro:

(...) vimos os prouementos e mantemento que abadesa e donas do dito lugar an para se manter, e por quanto nós achamos que non an prouemento para que se ben posan manter, e achamos que non ha herdades nen coutos (...) E esto vos fazemos por quanto ach[a]mos que o lugar e mosteiro he tan proue de mantemento que he prol da nosa alma e de nosos soçesores.

É este mesmo documento episcopal o que dá a entender que o mosteiro de Ansemil carece dun dominio xurisdiccional de seu na forma dun couto, por canto textualmente no texto se refire –lémbrese– que “*achamos que non an prouemento para que se ben posan manter, e achamos que non ha herdades nen coutos*”. Porén, xa após a extinción do cenobio, en período moderno, coñécese que dentro do couto de Camanzo se incluía o correspondente a Ansemil, o que parece implicar a súa existencia durante o período en que o mosteiro tivo comunidade. A explicación a este aparente paradoxo pode proceder da existencia dun espazo acoutado ao mosteiro que Martín Sarmiento refire concedido en 1073, vinculado á doazón da propia vila de Ansemil (Moure Pena 2004: doc. nº 2). O espazo xurisdiccional existiría, así, mais reducido á súa mínima expresión pois abrangería unicamente o espazo inmediato ao mosteiro e considerárase por iso insuficiente, ao igual que o conxunto dos bens fundiarios, derivando na exención episcopal.

Neste contexto e con esta dotación de recursos e dereitos xurisdiccionais en mans do mosteiro –que só co recurso á benevolencia se pode cualificar de modesta–, Ansemil recibirá importantes doazóns por parte de Diego Gómez de Deza¹⁵ polas que diversos bens e rendas da súa propiedade pasarán ao mosteiro¹⁶ e, máis especificamente, para a dotación da capela de Santa Ana. Trátase esta dunha construción adxacente á igrexa monástica¹⁷, construída en estilo gótico mais con reutilización de elementos románicos¹⁸, e instituída desde 1336 por Diego Gómez¹⁹ como recinto funerario para a familia Deza –función á que se suxeitará desde 1341, co pasamento do oferente, como reza a súa lápida–. Gozaría a capela, así e desde este momento, con bens e rendas propios para o seu sustento e cumprimento da función para a que foi edificada, se ben sempre administrados polo mosteiro.

Entre as rendas que se inclúen nesta dotación, e que a abadesa –á sazón, Sancha García– recibe desde 1336 para o mosteiro mais tamén para a referida capela, está aquilo que serve como eixo ao presente artigo: 14 moios de viño²⁰ anuais procedentes da vila de Cabanelas (actualmente freguesía exenta mais na altura da doazón pertencente á de Santa Baia de Banga, O Carballiño); localidade que abre ao val do río Arenteiro, afluente do Avia, nunha contorna especialmente ben dotada para a viticultura como é a comarca do Ribeiro, situándose xeograficamente no límite setentrional da mesma. Isto ten especial significación por canto non hai presenza do cultivo da vide no entorno do mosteiro.

Consérvanse diferentes documentos (nomeadamente, os designados como CD 1 a 12 do primeiro bloque) polos que Diego Gómez de Deza obrou a adquisición deste viño nun proceso moi concentrado no tempo, nun abano de datas que abrangue de setembro de 1332 a maio de 1333. Detállase en dous dos

¹⁵ Pode lerse unha semblanza do aristócrata en Martínez Coello 1999: 134.

¹⁶ Nisto incide que tivese sido expresamente habilitado polos seus familiares e herdeiros, conforme documento do 5 de xullo de 1332, para dispor doazóns a prol do mosteiro de Ansemil. Cabe identificar entre os bens de que outorga doazón aqueles referidos en documentos privados de adquisición por parte do de Deza mais que terminaron por engrosar o fondo documental de Ansemil. Así o defende Moure Pena 2015: 226.

¹⁷ Conta porén cos elementos necesarios para oficiar cerimonias á marxe da igrexa monástica, por canto dispón de porta aberta directamente ao exterior –ademais de comunicar, por un arco apuntado, coa nave da igrexa– ou altar con orientación litúrxica.

¹⁸ *Enciclopedia del Románico: Pontevedra* 2013: 189, v. ‘Ansemil’.

¹⁹ “a uossa capella de Santa Anna, que uós, Diego Gomez, fezestes por uossa custa en este dito moesteyro, e a qual uós herdastes cos uossos beens e herdamentos e possiões...” (CD 14).

²⁰ Considerando unha equivalencia do “moio” (ou, o que é o mesmo, oito “olas”) como 128 litros, a renda total a percibir polo mosteiro de Ansemil ascende así a 1.792 litros de viño anuais.

documentos (a saber, CD 1 e 10) que se trata de viño branco o adquirido polo aristócrata. A redacción é notoriamente equivalente, no que refire a condicións do caldo e contía do pago²¹, entre os diversos lotes de viño mercados, o que fala da homoxeneidade agardada no produto.

Os textos teñen un elevado interese á hora de coñecer o proceso de vinificación –por dotación, como é o caso das ‘dornas’ en que se recibirá o viño, nos lagares das adegas²²– e a propia definición do viño, pois era maduro e non mosto o que se esixía. Especificase en cada documento como este ha de cumprir unhas garantías de calidade (será viño puro, non augado) e, asemade, cantidade: no momento en que, trala súa maduración, se reciba “o novo do viño” (que cómpre supor pola habitual data de san Martiño de novembro), farase *con duas acabazaduras*²³ *de dous azumbres cada puzal*, que han de corresponder ás medidas de Cabanelas²⁴. É necesario destacar que son varios os documentos en que se abre a porta a recibir non o caldo senón o seu valor no mercado²⁵, indicativo asemade da relevancia das transaccións arredor deste produto na comarca.

Retomando o fio dos acontecementos no que ao mosteiro di respecto, a constitución da capela e a doazón efectuada en beneficio desta e do cenobio, fai con que en outubro de 1337 (*vid.* CD 14) se institúa o cargo de capelán de Santa Ana. Este érao especificamente desta capela, e así o amosa a documentación cando o diferencia de xeito expreso daquel encargado das necesidades litúrxicas do mosteiro²⁶.

Un dato significativo, que non convén pasar por alto na secuencia deste proceso é a condición de racioneiro do mosteiro que nese documento e desde ese momento se atribúe ao capelán de Santa Ana. A existencia destes persoeiros en mosteiros femininos –o *conventus clericorum* frecuentemente aludido á par da comunidade de monxas– está nitidamente documentada noutras comunidades de ascendencia altomedieval, como Ramirás, Sobrado de Trives ou mesmo Chouzán²⁷, se ben Ansemil –en tanto que casa feminina logo da súa refundación do século XII– non parece ter contado con esta presenza masculina á marxe de quen houbese de satisfacer as necesidades litúrxicas, ao que non debe ser alleo a –reitérese– reducida dispoñibilidade de bens, que inviabilizaría unha comunidade deste tipo. O relevante deste documento de 1337 é que establece o mecanismo e dotación por que tal dignidade de racioneiro lle é atribuída ao capelán: en compensación pola doazón da renda en viño feita por Diego Gómez de Deza, segundo reza o texto, quen atender a capela por el instituída recibirá *hũa raçon para esse capellan, tamaña como nós damos e ouer hũa monia do dito moesteyro de todalas mandas e cousas de que a monia ouer raçon, e que aia tamaña uistiaria como hũa das nossas monias*.

Esta condición de racioneiro do capelán, lonxe de se extinguir á morte do oferente, perpetuouse no tempo. Estando presente en documentos entre 1400 e 1428 en que se procede ao aforamento de bens (cabe pensar, de xeito

²¹ Especificase un prezo uniforme, por cada puzal adquirido, de 27 libras e media de moeda portuguesa, *da que conta vinte soldos por libra*.

²² Ausente esta voz no dicionario galego normativo actual –pois a entrada fai referencia unicamente á embarcación homónima–, consérvase o seu valor semántico vinculado ao viño no portugués, idioma en que o vocábulo alude un “Recipiente de aduela, largo e sem tampa, para pisar as uvas para fazer vinho ou onde fermenta o mosto” (*Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*, v. ‘Dorna’: <https://dicionario.priberam.org/dorna> [consulta: 20/04/2022]).

²³ Esta “acabazadura” ou acabazamento enténdese como a “Compensação que fazem, na venda do vinho, os colheiteiros do Ribeiro polos residuos que tem aquele até ao mês de dezembro” (*Dicionário Estraviz*, v. ‘Acabazamento’: <https://www.estraviz.org/acabazamento> [consulta: 20/05/2022]).

²⁴ De maneira xeral, corresponden estas unidades a uns dous litros o azumbre e, o puzal, a cinco almudes (sendo esta última unha medida moi variable segundo a comarca). Respectivamente: *Diccionario de la Real Academia Española*, v. ‘Azumbre’: <https://dle.rae.es/azumbre> [consulta: 20/04/2022]; *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*, v. ‘Poçal’: <https://dicionario.priberam.org/poçal> [consulta: 20/04/2022].

²⁵ A modo de exemplo, así se refire en CD 8: “se uós, o dito Diego Gomez ou uosso ome, noon veerdes polo dito viño eno nouo, que nós e nosa voz que goardemos o dito viño e o encubemos por nossa custa ena nosa cuba, e pela maneira que pela venda e pelo custo que seyr e valuer o nosso, que por eso se venda o do dito Diego Gomez e de sua voz, e que assy uos acudamos con el, pelo preço que ualuer o nosso ena cuba”.

²⁶ Certifícase en 1422 a coexistencia de ambos: nun foro de bens en Meixomence outorgado por *dona Maria Garçia, abadesa do mosteyro de San Pedro d’Ansymyl, e Sanha Gomes e Tereya Eanes e Roy Fernandes, raçoeyros do dito moesteyro* (habendo de ser, por tanto, este último o capelán de Santa Ana) consta como testemuña *Doran Gomes, capelan do dito moesteyro* (Moure Pena 2015: 598).

²⁷ Respectivamente, así o refiren Lucas Álvarez e Lucas Domínguez 1988: 34-37; Duro Peña 1967: 13; e Pichel 2009: 19-20.

máis específico, que cando menos así habería de acontecer con aqueles vinculados á capela de Santa Ana para cuxa xestión tivese que dar o seu consentimento e aquiescencia), tal dignidade de racioneiro é sempre lembrada na redacción.

A análise deste integrante –sobrevido– da comunidade monástica abre a porta a describir a configuración e modo de xestión interna da mesma. Se ben os datos a tal efecto non son numerosos, resultan suficientes para establecer algunhas certezas. Así, as posesións e rendas do mosteiro organizábase nas habituais *mesas*, como o demostra que se identifiquen certos bens como pertencentes ao haber da abadesa polo feito de gozar desta distinción²⁸, o que indirectamente implica a existencia dunha *mesa conventual* que abranguese aquelas rendas e propiedades dependentes do convento, en tanto que comunidade de monxas. Por outra parte, a referencia á *vestiaria* na institución como racioneiro do capelán de Santa Ana permite deducir como a mesa conventual, á súa vez, se organizaría en *ouvenzas*, as divisións a cuxo cargo se sufragarían as necesidades específicas da comunidade –sendo esa da *vestiaria* a encargada de satisfacer a dotación de vestimentas– por máis que non se documenten para Ansemil outras que, pola súa frecuencia –enfermería, sancristanía...– cómpre entender como xeneralizadas e que tamén neste caso tivesen existido.

A comunidade, como se deprende do estudo das mesas, tería á súa fronte unha abadesa –pois consta para todo o período, ata finais do século XV, a condición do mosteiro como abadía independente–. Mesmo sendo a integrante do mosteiro que, como é lóxico, maior presenza documental ten, non é factible reproducir a listaxe íntegra das superiores de Ansemil,

consecuencia da pouquidade da colección documental conservada. Aquelas para as que, no estado actual dos coñecementos²⁹, se coñece o seu nome, son as que se seguen:

- Tareixa Fernández: 1263
- Sancha García: 1336-1345³⁰
- Constanza González (ou Gómez): 1368-84
- Maior García: 1387
- María García: 1410-1433
- Catalina de Ulloa: 1444
- Sancha González: 1458-1474

É menor aínda a información que do convento se dispón, ante a ausencia de referencias ás reitoras do mesmo (isto é, as prioras) e as moi limitadas que se conservan para as propias monxas. Con todo, os escasos datos permiten coñecer que cando menos algunhas das abadesas promocionaron ao cargo tendo sido anteriormente integrantes do propio Ansemil: é o caso de Sancha González, quen consta como monxa deste mosteiro en 1433.

Numericamente, trátase dunha comunidade reducida pero que, cando menos para o século XV, non palidece comparada coa doutras casas: a presenza dunha abadesa e tres monxas en 1413 e 1419 (e un total de tres relixiosas na década de 1420) é un valor obxectivamente escaso pero perfectamente asimilable ao que se aprecia para esa altura da centuria en mosteiros como Santa María de Tomiño ou mesmo o compostelán de Santa María de Conxo³¹.

O reducido dunha comunidade que, presumiblemente, foi mingando co transcorrer das décadas sen atraer novas vocacións, pode dar cumprida explicación á fin do mosteiro. Así, nalgún intre entre 1474 (data da derradeira

²⁸ No inventario de bens (Bloque II, doc. nº 3) inclúense bens en Retorta, que *son da mesa da abadesa*.

²⁹ Elaborouse a listaxe tomando as indicacións documentais aportadas por Moure Pena (2015) e Buján Rodríguez (1996), alén dos documentos transcritos neste artigo.

³⁰ É abadesa Sancha García nun documento datado no ano da Era de 1361; isto é, 1323 no calendario gregoriano (Moure Pena 2015: 581). Porén, a dúbida sobre a veracidade da data procede da listaxe das testemuñas ao seu outorgamento, en que consta a presenza de *Beeynto Eanes, capelan de Santa Ana*, dignidade que só na década seguinte se tería instituído. É factible así interpretar que se trate dun documento do ano de 1361, cunha errada e sobranter alusión á Era na súa data.

³¹ En 1406 o mosteiro de Tomiño contaba cunha comunidade en que, baixo a autoridade dunha abadesa (Inés González) se situaba un convento composto polas monxas Elvira Meira e Aldonza Correa e rexido pola priora Guiomar Álvarez; mesmo número de integrantes (abadesa, priora e dúas monxas) que manterá en 1445 (Iglesias Almeida 1992: docs. nº 2 e 4). Da mesma maneira, eran tamén catro relixiosas as que profesaban en Santa María de Conxo á altura de 1467 (Rodríguez Muñiz 2020: 38-39).

referencia a unha abadesa propia, Sancha González) e 1487, Ansemil terá ficado baleiro. Neste último ano a superiora de Vilanova de Dozón, Isabel de Ulloa, intitúlase igualmente abadesa de San Pedro de Ansemil (Fernández de Viana y Vieites 2009: doc. nº 245), por máis que non exista dato ningún na colección documental dun ou outro mosteiro que permita interpretar o vínculo entre ambas casas que determine tal dependencia final, ou se esta se prevía definitiva ou unha solución de compromiso que facultase unha recuperación de Ansemil como casa exenta.

Sexa como teña sido, a reforma observante atinxiu Vilanova de Dozón en 1498. Ansemil, non sen dificultades para os reformadores –que o encontraron *encastillado con gente armada*– (Zaragoza i Pascual 2001: doc. nº 20), tralo rápido pasamento de Isabel de Ulloa terminará por ser definitivamente anexionado o 7 de xullo de 1499, cos seus bens e rendas, a un San Paio de Antealtares refundado para albergar as monxas bieitas que en Galiza fosen.

Péchase con isto, e tras non menos de seis séculos ás súas costas, a historia do mosteiro de San Pedro de Ansemil.

2. Transcrición documental

Preséntase nas páxinas seguintes a edición e transcrición da colección de documentos que, para o mosteiro de San Pedro de Ansemil, se conservan no Arquivo do Reino de Galicia, referentes no seu conxunto á incorporación ao haber monástico do dereito á percepción dunha renda en viño –ou o valor do mesmo– procedente de Cabanelas, localidade actualmente pertencente ao termo municipal do Carballiño (Ourense). Os documentos refiren a secuencia dos feitos, coa adquisición por parte do magnate dezan Diego Gómez de Deza e, nunha segunda instancia, a súa doazón ao mosteiro de Ansemil e a recepción por parte desta pequena casa, que haberá de litigar para ver garantidos os seus dereitos ao respecto.

Para unha maior claridade na estrutura documental, os diplomas preséntanse divididos en dous grandes conxuntos: un primeiro correspondente aos diferentes pergameos individuais e, adicionalmente, un volume ou tomo reproducido conforme a súa estrutura orixinal.

2.1. Pergameos

Recóllese baixo este primeiro epígrafe un conxunto de 15 documentos que, como se adiantou,

corresponden ao proceso de adquisición de viño en Cabanelas por Diego Gómez de Deza, nun período concentrado no tempo, entre o outono de 1332 e a primavera de 1333 e caracterizado pola homoxeneidade nas condicións da compra –quer no que refire á cualidade do viño e as disposicións para a súa maduración, quer no prezo ofrecido por medida–. Sempre nesta mesma década producírase a asunción do dereito a esta renda en viño por parte do mosteiro de San Pedro de Ansemil, coa doazón efectuada polo aristócrata e a recepción da abadesa, Sancha García que era á sazón, no nome do cenobio e da capela funeraria nel fundada polo de Deza.

Altéranse entre os documentos transcritos aqueles de que se conserva o orixinal con outros cuxo teor é coñecido por traslado notarial. É circunstancia a subliñar que as copias autenticadas por tabelión proceden todas elas dunha única data: o 13 de marzo de 1348, polo notario compostelán Lourenzo Pérez. Para evitar a notoria redundancia que suporía a repetición do mesmo texto e idénticos formulismos en que derivaría a transcrición dos traslados considerados estes como documentos independentes –como, en puridade, haberían de se tratar– solvéntase isto coa referencia inserta no aparato crítico dos diplomas en que así corresponda.

Recóllense igualmente no aparato crítico erudito as mencións a publicacións anteriores pois, en efecto, varios dos diplomas foran editados por A. Martínez Coello nun artigo da revista *Argentarium*, incluído na bibliografía. Porén, a incorporación á colección documental de textos novos e a necesidade de establecer correccións de diversa entidade –nalgúns casos afectando á data– aconsellaron tomar a decisión de acometer unha edición íntegra do conxunto.

Por último, e común aos dous bloques documentais, compre indicar como a transcrición se desenvolveu conforme a un criterio de tipo interpretativo. Procurouse conciliar o respecto ao texto orixinal coa facilidade da consulta polo lector interesado, desenrolando así abreviaturas –marcadas en cursiva fronte ao texto orixinal en redonda– e adecuando á lectura elementos como os signos de puntuación e o uso de maiúsculas. As normas observadas para a transcrición son as dispostas no proxecto *Gallaecia Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega.

A transcrición correspondente á referida colección de pergameos é a que segue.

1

1332, setembro, 12

Estevo Domínguez vende a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz un moio de viño branco en cada ano das súas viñas de Cabanelas, polo que recibe un prezo de 130 libras portuguesas.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 780. Pergameo, 200x190 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he traslado do dito estromento feyto e signado por llo dito notario Lourenço Perez, segundo por el pareçia³² (signo) en qual eu, Afonso Mouro, notario publico jurado de Santiago, vy e lii e de viruo a ueruo fiz trasladar de mandado e autoridade de dom Nicollao Dominguez, juyz ordinario do julgado de Luou ena igleia de Santiago, e en este traslado puge meu nome e sinal.- XVII dias de março, era de mill e CCC e LXXX e cinco anos.- Testemoias, Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clerigo, Johan Martinez, Johan Fernandez, scriuanos”.- Ao volto, “Ansemil. Un moyo de vino blanco en Cabanelas”.

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 10. O autor data o documento nos ditos día e mes do ano 1333.

[Era de] mill e CCCLXX anos, doze dias de setembre.

Sabean quantos esta carta viren como eu, Estevo Domínguez de Cabanellas, por min e toda miña uoz, vendo para senpre e outorgo a uós, Diego Gomez de Deça, e [...] uossa uoz, conuem a saber, huun moyo de vino branquo na dorna con suas cabaçaduras, e outorgo [...] esto que uos uendo para senpre por quantos herdamentos, vinas e aruores con seus perfeitos, como estan, que eu ey e a min perteeceer deuen de dereito em Cabanellas e em seus terminos, por u quer que venam, a monte e a fonte, que he em fircuesia de Santa Uaya de Uanga e ali u quer que os eu aia, gaanados e por gaanar. Esto uos uendo que o aiades por senpre, por dezemo a Deus, por preço que me por em destes e ja em meu jur ey, de que me outorgo por bem pagado; [...] saber, cento e triinta libras da moeda portugueessa, de que conta quarenta pares de [...] libras. E outorgamos anparar con esto que uos uendo para senpre por min e por todollos [...] uos por ende oblige e outorgo que eu ou outro por nós a esto passar peyte [...] duzentos e sessenta libras da dita moeda, e aa uoz del rey

outros tantos peyte, e a uenda e carta vullan por senpre e estem em sua reuor.

Testemoyas: Fernan Martinez da Lagea, Rodrigo Martinez, escudeiro do Castro, Fernan, beesteyro do Castro, Johan Perez de Gomariz, clerigo, Pero Chaas do Castro, [...] Gonçalvez da Fraga e Fernando Martinez de Cabanellas, testemoias.

E eu, Lourenço Perez, notario d’Orzellon, por Afonso Eanes, notario del rei ena dita terra, a esto presente foy e esta carta escriui e em esta carta meu sinal fiz, semellante o do dito Afonso Eanes, que tal he.

2

1333, marzo, 4.

Pedro Eanes vende a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz dous puzais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas. Recibe por este viño un prezo de 55 libras portuguesas.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 30. Original. Pergameo, 255x155 mm. Galego, escritura gótica. Ao volto, “Conpra de Diego Gomez de Deça de dos puçales de vino en Cabanelas”.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 32. Pergameo, 620x210 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he traslado do dito estromento, feyto e signado pelo dito notario Domingo Lourenço, segundo por tal pareçia, e qual eu (signo) Affonso Mouro, notario publico jurado de Santiago vy e lii et de veruo a ueruo fiz trasladar, de mandado e autoridade de dom Nicollao Dominguez, juyz ordinario do julgado de Luou ena igleia de Santiago, e en este trasllado puge meu nome e sinal.- XVII dias de março, era de mil e CCC e LXXX e cinco anos.- Testemoias: Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clerigo, Johan Martinez, Johan Fernandez, scriuanos”.- Ao volto, “Ventas hechas a Diego Gomez [de De]ça de quatro canados de vino en Cabanelas. Son quatro pu[ç]ales, que es vn moyo”.

Ed.- Martínez Coello 1999: docs. nº 2 (que o autor data en 1283) e 3.

Era de mil e CCCLXXI ano, quatro dias de março.

Sabean quantos esta carta viren como eu, Pero Yanes, fillo de Johan Fernandez Andre de Cabanellas, por min e por miña uoz, vendo e para senpre outorgo a uós, Diego Gomez de

³² Segund por el pareçia] repetido.

Deça, e aa uossa uoz para senpre, dous puçaes de vino puro, sem agoa, qual uengan seyr das vuas, e que seyan de boas vuas da villa de Cabanellas, que contan quatro puçaes por moyo por medida dereita de Cabanellas, acabaaçado con duas acabaçaduras cada puçal, e que uollo page cada ano em saluo eno nouo do uiño, ena dorna eno lagar ena uilla de Cabanellas. Esto uos uendo por preço que a min por em destes e iam em meu jur ey, e de que me outorgo por ben pagado, conuem a saber, çincoenta e çinquo libras da moneda portuguesa, da que conta XX soldos por libra; e outorgo que non possa dizer que de uós non recebi o dito preço a niuun tenpo que seya. E outrosi que poda negar ata o tenpo de dous anos que de uós non recebera o dito preço e que o podia poer em uossa jura, e que uós erades tiudo de prouar em como me derades o dito preço ou em pregas por el; este dereito e esta jura e esta proua uos quito e renuncio, que nunca me a ello possa chamar nen allegar nen dizer, por min nen por outro, e se o disser eu [ou] outro por min que me non uala em juizo nen fora del. E demays outorgouos a dar e a pagar a paz o dito viño segundo dito [é por] estes meus erdamentos que se adeante sigem; conuen a saber: por a miña leyra de viña con sua erdade que chaman dos Enxertos, que parte pella outra de Saluador Eanes, e parte pella regeira; e por outra miña leyra de viña com sua erdade que chaman do Candeedo, que parte pella outra de Pero Fernandez de Cabo de Uilla, e parte pella outra d’Affonso Esteuez de Beran, que som dezimo a Deus; as quaes leyras iam ditas por que uos obligo a pagar o dito vino cada ano som em Cabanellas, que e em figrisia de Santa Uaya de Uanga. E demays uos obligo a pagar o dito vino cada ano segundo dito e por todollos outros meus erdamentos com seus perfeytos e por todollos outros meus beens mouelles e reyzes, gaanados e por gaanar que obligo a pagar os ditos dous puçães de viño cada ano, segundo dito e, a uós, Diego Gomez, e aa [uo]ssa uoz para senpre. E demays outorgo, se uos non pagar os ditos dous puçaes de viño como dito e, do tenpo que uollo non pagar que uós, Diego Gomez, ou uossos omees ou uosso çerto mandadeyro me possa por en penorar en probado ou en ermo ou en lugar coutado ou priuiligiado ou en qualquer lugar que achedes a miña penora, sem uoz e sem coomia de couteyro e de senorio e de moordomo e de meyrriño e doutro senorio niuun. E a penora que por esta razon tomardes e receberdes que a posades uender logo sem mandado d’alcaydes e de juiz e sem termino de noue dias e de XXX^a dias, e que a

posades uender a boa barata e a maa barata, e a uenda que por esta razon fezerdes a outorgamos que nunca a posamos contradizer; e renuncio a todo foro e dereito e ferias e usso e custume de terra, carta de rey e de reyna e de infante e d’arçibispo e de bispo e meirino e merçee que nos estes señores sobr’esto poidesem fazer, oste, cruzada, romaria, traslado desta carta, demanda por escrito, praço d’auogado, de consello, de terçer dia, de noue dias, de trinta dias, e todas outras razões e eysepções e lees escritas e por escriuer que fossen em contrario desta carta ou das coussas que em ella som escritas e contiudas, que me non uallan a min nen a outro por min en juizo nen fora del, mays a todas gisas outorgo de uos pagar os ditos dous puçães de vino cada ano segundo dito he. E demays outorgo eu, Pero Yanes, por min e por miña voz, que se nós esto asy non complir e uos esto asy non pagar o dito viño cada ano como dito e, que uos peite de pena a uós, Diego Gomez, e aa uossa uoz, çen libras da sobredita moneda, e aa uoz del rey outros tantos peyte, e a pena pagada ou non pagada a venda e a carta uallan para senpre.

Testemoias: Johan Marquez, juyz d’Orzellon, Saluador Yanes do Moredo, Esteuo Dominguez de Cabanellas, Martin Gonçaluez, fillo de Gonçaluo Fernandez de Uanga, Johan Yanes da Eyra da Villa de Cabanellas, *testemoias*.

Eu, Domingo Lourenço, notario del rey em terra d’Orzellon e de Sam Johan (*signo*) de Nouoa e do Ribeiro da Auya, a esto presente foy e esta carta em miña presenza fiz escripuir e em [...] carta meu sinal fiz, que tal he.

3

1333, marzo, 6.

Xoán Pérez e a súa muller, Tareixa Pérez, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz tres puçais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas. Reciben por este viño un prezo de 82 libras e media da moeda portuguesa.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 33. Orixinal. Pergameo, 340x135 mm. Galego, escritura gótica. Ao volto, “Venta hecha a Diego Gomez de Deça de tres puçales de vino, que son quatro en moyo, en Cabanelas”.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 1083. Pergameo, 640x210 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he traslado do dito estromento feyto e signado por lo dito notario Domingo Lourenço, segundo por el pareçia.

O qual eu, Afonso Mouro, notario publico de Santiago vy e lii e de veruo a ueruo fiz tralladar de mandado e autoridade de [*signo*] don Nicollao Dominguez, juyz ordinar[io] do julgado de Luou enagleia de Santiago, e en este trallado pugi meu nome e sinal.- XVII dias de março, era de mill e CCC e LXXX e çinquo anos.- *Testemoias*, Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clerigo, Johan Martinez, Johan Fernandez, scriuanos”.

[Era de M] e CCCLXXI anos, VI dias de março.

Sabaan quantos esta carta uiren como eu, Johan Peres, dito do Regeyra de Cabanellas, e miña moller, Tereysa Peres, presente e outorgante, por nós e por nossa uoz, vendemos e para senpre outorgamos a uós, Diego Gomez de Deça, e a toda uossa uoz para senpre, tres puçães de vino puro, sem agoa, qual ueya seyr das vuas; e que seya de boas vuas da villa de Cabanellas, que contan quatro puçaes por moyo por mydida certa de Cabanelas, acabaaçado con duas acabaaçaduras cada puçal. E que uolo pagemos cada ano en saluo eno nouo de viño ena dorna eno lagar ena villa de Cabanelas. Esto uos vendemos por preço que a nós por en destes e iam en noso jur auemos, e de que nos outorgamos por ben pagados, conuen a saber oyteenta e duas libras e mea da moneda purtuguesa, de que conta XL^a pares de dineiros por tres libras. E outorgamos que non posamos dizer que de uós non recebemos o dito preço a niuum tempo que seya, e outrosy que podíamos negar ata o tempo dos dous anos que de uós non rezeberamos o dito preço e que o podíamos poer en uossa jura, e que uós erades tyudos de nos prouardes em como nos derades o dito preço ou em pregas por el; este dereyto e esta jura e esta proua uos quitamos, e renunciemos que nunca nós a elo posamos chamar nen alegar nen dizer por nós nen por outro, e se o dissermos nós ou outro por nós, que nos non ualla en juyzo nen fora del. E demays outorgamos a dar e a pagar a paz o dito viño segundo dito he por estes nossos erdamentos que se adeante sigen, comuen a saber: por nossa leyra da viña con sua erdade e perfeytos como esta, que iaz u chaman o Candeedo, que parte pella outra de fillos de Lourenço Yanes do Ualle, e parte pela outra que foy de Pero Uidal de Fondo de Villa, e por outra nossa leyra de viña con sua erdade que teemos y no Candeedo, a saber esta outra que parte en fondo pela outra de Marcos Lourenço e parte en çima pella outra que foy de Marina Fernandez de Cabo; e por outra nossa leyra de viña com sua erdade que iaz u chaman a

Costa, que parte pella outra de Esteuo Perez do Ualle, e parte pela outra erdade de fillos de Marcos Lourenço, que son dizimo a Deus, a quaes leyras iam ditas por que nos obligamos a pagar o dito viño cada ano son en Cabanellas, que e em figresia de Santa Uaya de Uanga. E demays nos obligamos a pagar o dito viño cada ano segundo dito e por todollos nossos erdamentos con seus perfeytos e por todollos nossos beens mouilis e reyzes, gaanados e por gaanar, [...] que os ayamos e cada huun de nós, por ello todo que obligamos a pagar os ditos tres puçaes de viño cada ano segundo dito e a uós, Diego Gomez, e aa uossa uoz para sempre. E demays outorgamos se nós non pagarmos os ditos tres puçaes de viño como dito e, do tempo que uolo non pagarmos que uós, Diego Gomez, ou uossos omees ou uoso çerto mandadeyro nos posa por empenorar sen voz e sen coomia de couteyro e de señorío e de mordomo e de meirino e doutro señorío nenhũ, e a penora que por esta razon tomardes e rezeberdes que a posades uender logo, sem mandado d'alcaide e de juiz e sen termino de noue dias e de triinta dias e que a posades uender a boa barata e a maa barata, e a uenda que por esta razon fezerdes nós outorgamos que nunca o posamos contradizer; e demays renunciemos a todo foro e dereyto e ferias e usso e custume de terra e carta de rey e de reyna e de infante e d'arçibispo e de bispo e de meirino e merçee que nos estes señores sobr'esto podessem fazer, oste, cruzada, romaria, trasllado desta carta, demanda por certo prezo de consello d'auogado, de terçer dia, de IX dias, de XXX dias e todas outras boas razões e eysepções e lees escritos e por escriuer que fossen en contrario desta carta ou das coussas que en ella son escritas e contiudas, que nos non ualla a nós nen a outro por nós em juízo nen fora del, mays a todas gissas outorgamos de uos pagar os ditos tres puçaes de viño cada ano segundo dito e. E demays outorgamos eu, Johan Perez, e miña moller iam dita, por nós e por nossa uoz, que se nós assy esto non conprirmos e uos assy esto non pagarmos o dito viño nouo como dito e, que uos peitemos de pena a uós, Diego Gomez, e aa uo[sa] uoz CCCos morabedis da sobredita moneda, e aa uoz del rey mas CCCos peite, e a pena [pa]gada ou non pagada a uenda e a carta uallan para senpre.

Testemoias: Esteuo Ares da Fonte [de C] abanellas, Johan Ares [...]dessos, Garcia Martinez de Cabanellas, Fernan Yanes [...] e moradores en Cabanellas, *testemoias*.

[*Illexible, duas liñas*] (*signo*).

4

1333, marzo, [15]

Estevo Domínguez e a súa muller, Mariña Martínez, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz seis puzaís de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas, polo que reciben un prezo de 165 libras portuguesas.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 793. Orixinal. Pergameo, 370x115 mm. Galego, escritura gótica. Ao volto, “Ansemil. Venta hecha a Diego Gomez de Deça de seys puçales de vino en Cabanelas”.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 828. Pergameo, 360x200 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he traslado do dito estromento feito e signado porllo dito notario Domingo Lourenzo, segundo por el pareçia, e qual eu, Afonso Mouro, (signo) notario publico jurado de Santiago, vy e lli e de veruo a uerbo fiz trasladar de mandado e autoridade de dom Nicolao Dominguez, [juiz] ordinario de Santiago, do julgado de Luou, e en este trasllado puge meu nome e sinal.- XVII dias de março, ano de mil e CCC e LXXX e çinquo anos.- Testemoias, Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clerigo, Johan Martinez, Johan Fernandez, scriuanos. E he a saber que aas quatro viias hu esta tal sinal (+) deue uir estas linas: ‘que eran quatro puçães por moyo, por medida dereyta de Cabanellas’. E non he força que foy erro do scriuan”.

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 1. O autor indica para o documento –non apreciando o L na data crónica– o ano de 1282.

Era [de] M CCC LXXI anos [...] dias de março.

Sabbean quantos esta carta viren como eu, Estevo Dominguez de Cabanellas, e miña moller Marina Martinez, presente e outorgante, por nós e por nossa uoz, vendemos e para senpre outorgamos a uós, Diego Gomez de Deça, e aa uossa uoz para senpre, seys puçães de viño para senpre, puro, sen agoa, qual auian seyr das vuas, e que seya de boas vuas da villa de Cabanellas, que contan quatro puçães por moyo, por midida dereyta de Cabanellas, acabaaçado com duas acabaaçaduras cada puçal, e que uollo pagemos cada ano em saluo eno nouo do viño ena dorna eno lagar ena villa de Cabanellas. Esto uos vendemos por preço que uós por em destes e iam en noso jur auemos, e de que nos outorgamos por ben pagados; conuen a saber, çento e sasseenta e çinquo libras da moneda purtuguessa de que contan quareenta pares de dineiros por tres libras. E outorgamos que non possamos dizer que de uós

non reçebemos o dito preço a niuum tempo que seya; e outrossy que podiamos negar ata o tempo dos dous anos que de uós non rezeberamos o dito preço, e que o podiamos pøer em uossa jura e que uós erades tiudo de nos prouardes em como nos derades o dito preço ou en pregas por el. Este dereito e jura e proua uos quitamos e renunciemos que nunca nós a ello possamos chamar nen alegar nen dizer por nós nen por outro, que se dissermos nós ou outro por nós, que nos non ualla em juízo nen fora del. E demays outorgamosnos a dar e pagar a paz o dito viño, segundo dito he, por estes nossos erdamentos que se adeante sygen, conuen a saber: pella nossa leyra da viña da Retorta com sua erdade e perfeytos, que parte pela outra de Esteuo Ares da Fonte, e parte pella outra d’Afonso Esteueez de Beran, e por outra nossa leyra de viña con sua erdade, que chaman de Lagar Pedriño, que parte por outra que y tem Beeynto de Cabanellas, que som dizimo a Deus, e por a nossa cortyna que chaman das Chedas, como está con suas aruores, que parte em çima pella outra que foy de Johan Perez da Eyra, como está choussa sobre sy, e por todollos outros nossos herdamentos com seus perfeytos e beens mouilles e reyzes, gaanados e por gaanar, d’u quer que os ayamos, e cada huum de nós pello todo, que obligamos a pagar os ditos seys puçães de viño cada ano segundo dito e a uós, Diego Gomez, e aa uossa uoz para senpre; as quaes leyras iam ditas por que nos outorgamos a pagar o dito viño cada ano som en Cabanellas, que e en freguesia de Santa Uaya de Uanga. E demays outorgamos que se uos non pagarmos os ditos seys puçães de viño, como dito he, do tempo que uollo non pagarmos que uós, Diego Gomez, ou uossos omees ou uosso çerto mandadeyro nos possa por en penorar em probado ou en ermo ou en lugar coutado ou preuiliigiado en qualquer lugar que achedes a uossa penora sen uoz e sen coomia de couteyro e de señorío e de moordomo e de meyrriño e doutro señorío nehuum. E a penora que por esta razon tomardes e reçeberdes que a possades uender logo sem mandato d’alcalldes e de juiz e sen termino de noue dias e de trinta dias, e que a posades uender a boa barata e a maa barata, e a uenda que por esta razon fezerdes, nós o outorgamos que nunca o possamos contradizer. E demays renunçiamos a todo foro e dereito e ferias e usso e custume de terra e carta de rey e de reyna e de infante e d’arçibispo e de bispo e de meirino e toda ajuda e merçee que nos estes señores podessen fazer, oste, cruzada, romaria, trellado desta carta, demanda por escrito, prazo de conssello de

auogado, de *terçer* dia, de XX dias e de triinta dias, e todas outras razões e eysepções e lees escritas e por escreuer que fossen en *contrario* desta carta e das coussas que en ela son escritas e *contiudas*, que nos non uallan a nós nen a outro por nós, em juizo nen fora del; mays a todas gissas outorgamos de uos pagar os ditos seys puçães de viño cada ano *segundo* dito e. E demays outorgamos eu, Esteuo Dominguez, e miña moller ya dita, por nós e por nossa uoz, se uos assy esto non *conplirmos* e uos esto assy non pagarmos o dito viño cada ano como dito he, que uos peytemos por pena a uós, Diego Gomez, e aa uossa uoz, *quinentos morabedis* da sobredita moneda e aa uoz del rey outros tantos peyte, e a pena pagada ou non pagada, a uenda e a carta uallan para senpre.

Testemoias, Johan Marquez, juiz d'Orzellon, Esteuo Perez do Ualle, Saluador Yanes, Garçia Yanes de Quintela, Johan Yanes da Eyra, Martin Gonçalves, fillo de Gonçalves Fernandez de Uanga, testemoias.

E eu, Domingo Lourenzo, notario del rey [em terra d'Orzellon e] de San Johan de Nouoa e de Riveyro [de Au]ya, [a esto] (*signo*) presente foy e esta carta em miña *presença* fiz escrever e en esta carta meu sinal fiz, que tal he.

5

1333, abril, 6.

Roi Lourenzo vende a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz dous puçais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas, por un prezo de 55 libras portuguesas.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 970. Orixinal. Pergameo, 200x190 mm. Galego, escritura gótica. Ao volto, "Ansemill. Conpra de dos puçales de vino en Cabanelas".

[Era de M CCC] LXXI ano, VI dias de abril.

Sabean quantos esta carta viren como eu, Roy Lourenzo de Fon[do de Villa] de Cabanellas, por min e por miña uoz, *vendo e para senpre* outorgo a uós, Diego Gomez de Deça, e a uos[a] uoz, dous puçaes de viño puro, sen agoa, *qual ueyan seyr* das vuas, e que seya de boas vuas da villa [de] Cabanellas, acabaaçado com duas acabaaçaduras de dous açenbres de viño cada puçal, e [...] uos outorgo a dar e pagar cada ano eno nouo do viño ena dorna en paz e en saluo eno [...] de Cabanellas. Esto uos uendo por *preço* nomeado que a min por en destes e ya en meu jur ey; *conuen a saber*, çinquen[ta] e çinquo libras da moneda purtugessa,

de *que contan* XL^a pares de dineiros por tres libras, de *que me outorgo por ben* pagado. E renunçio *que non* possa dizer *que* de uós non reçebi o dito *preço*, e se y a ley ou *dereito* ou usso ou *costume* [de] terra [...] de uós reçebera o dito *preço* e *que* uós erades tiudo de me *prouar* ata o tenpo dos dous anos [...] derades o dito *preço* ou em *pregas* por el, e *que* eu podia poer em uossa jura este *dereito* e esta jura e *proua* [...] e demays renunçio esta lee e este *dereyto* que me non possa a ello chamar *nen alegar* nen me ualla sobr'esto en *tenpo* [...] que seya en juizo *nem* fora del. E demays uos outorgo a dar e pagar o dito vino cada ano por estes erdamentos com seus *perfeitos* que uos por em *obligo*; *conuen a saber*: por hũa miña leyrá de viña *com* sua erdade e *perfeytos* como está, que [é di]zy[ma] a Deus, que teño em Lagar Pedryño, *que parte* pella outra de meu yrmão Beynto Lourenço, e *parte* pella outra leyrá de Pero [...]; e demays uos outorgo a pagar o dito vino *segundo* dito he por outra miña leyrá de viña *con* sua erdade, dicymo [a Deus ...]uollo do Manpaceira, *que parte* pella outra erdade de Johan Fernandez de Quintella, como esta cercada de muro. E demays outorgo a pagar o dito viño por outra miña leira de viña, dizimo a Deus, *con* sua erdade, *que yaz* u chaman o Penedo, e *parte* pella outra de Fernando Lourenço, e em cyma *parte* pella outra de Fernando Perez, as quaes leyras todas tres som en Cabanellas, em frigisia [de Santa] Vaya de Vanga. E demays uos outorgo a dar e a pagar cada ano o dito vino a paz, *segundo* dito, por todollos meus erdamentos [com seus per]feytos e por todollos meus bens mouilles e reyzes, d'u *quer* que os aia, gaanados e por gaanar, *que* *obligo* a [...] Diego Gomez, e aa uosa uoz, a pagar o dito vino cada ano a paz *segundo* dito he. E demays outorgo *que* uós, Diego Gomez, ou uossos omees ou uoso çerto mandadeyro, se uos non pagar cada ano o dito uino *segundo* dito he, *que* me posades por em penorar u *quer* [...] a miña penhora, en *hermo* ou em *probado* ou em lugar *coutado* ou *priuilegiado* ou em *qualquer* lugar, sen uoz e sen [...] chamo de *couteyro* e de *mordomo* e *doutro* señorío niuun, e a penora *que* por esta razon receberdes *que* a posades [...] sem carta e sen *mandado* d'alcalde e de juiz e sem *termino* de *terçer* dia e de noue dias e de XXX dias, e *que* a posades uender [a boa] barata e a maa barata, e a uenda *que* assy for feyta eu a otorgo e ayo por estauil e renunçio *que nunca* possa *con*[...]. E demays renunçio a todo foro e *dereito* e *ferias* e usso e *costume* de terra, *trellado* desta carta, *demanda por escrito* [...]sello d'auogado, de *terçer* dia,

de noue dias, de XXX dias, carta de rey e de reyna, de infante, d'arçibispo e de bispo [...] rino, oste, cruzada, romaria e todas outras razões e eyseyções e lees escritas e por escriuir que fossen em contrario [...] carta ou das coussas que em ella son escritas e contiudas, que me non uallan a niuum tenpo que seya em juízo nen fora [...] mayas a todas gissas outorgo de uos pagar os ditos dous puçães de vino cada ano segundo dito he. E outorgo que [...] uos esto non comprir e uos contra ello pasar, que uos peyte por pena cada uez que uos contra ello passar çen morabedis de dineiros [...] e aa uoz del rey outros tantos, e a pena pagada ou non pagada a uenda e carta ualla para senpre.

Testemoias, Lopo Garcia de [...]ssoas, Fernan Yanes de Uanga, morador eno Castro, Pero Uaasquez, Johan Perez da Regeira, Pero Pican, Esteuo de Cabanellas, F[...] Paaz, testemoias.

[Ilexible] (Signo).

6

1333, abril, 6.

Domingos Pérez e a súa muller, Urraca Arias, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz dous puzais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanellas, por un prezo de 55 libras portuguesas.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 787. Orixinal. Pergameo, 310x170 mm. Galego, escritura gótica. Ao volto, “Ansemil. Venta hecha a Diego Gomez de Deça en el lugar de Cavanelas de dos puçaas de vino, que son dos canados”.

Era de mill e CCCLXXI ano, seys dias d'abril.

Sabean quantos esta carta viren como eu, [Domin]go Perez, dito Mauro, de Cabanellas, e miña moller, Orraca Ares, presente e outorgan[te], por nós e por nossa uoz, vendemos e para senpre outorgamos a uós, Diego Gomez de Deça, e aa uosa uoz, dous puçães de viño puro, sem agoa, qual ueian seyr das vuas, que seyan de boas vuas da villa de Cabanellas, acabaaçadas con duas acabaaçaduras de dous açunbres cada puçal, por midida dereita de Cabanellas, o qual vino uos outorgamos a dar e a pagar a paz em saluo ena villa de Cabanellas cada ano eno nouo do viño ena dorna a uós, Diego Gomez, ou aa uosa uoz ou a quen uós mandardes. Esto uos vendemos por preço que a nós por en destes e iam em nosso jur auemos, conuen a saber, çincoenta e çinco libras da moneda purtuguesa de que conta XL^a pares

de dineiros por tres libras, de que nos outorgamos por bem pagados, e renunciemos que non posamos dizer que de uós non recebemos o dito preço, e se y a lee ou dereito ou usso ou custume que nós podiamos negar que de uós non reçoberamos o dito preço, e que uós erades tiudo de nos prouar ata o tempo dos dous anos en como nos derades o dito preço ou em pregas por elle, e que nós podiamos poer en uosa jura, este dereito e jura e proua uos quitamos; e demays renunçiamos esta lee e este dereito que nós non posamos a ello chamar nen alegar nen nos ualla sobr' esto en juizo nen fora del. E demays uos outorgamos de pagar o dito vino cada ano por estes erdamentos adeante escritos, que uos por en obligamos, conuen a saber: pella nossa leyra da vina dizimo a Deus, con sua erdade, que yaz a Su Ladesses, u chaman a Lagea, que parte pella outra de Maria Perez da Eyra, e parte por outra de Johan Areas de Ladesses, e demays uos outorgamos a pagar o dito viño segundo dito he, por outra nossa leyra de viña que su a erdade que teemos su a cortyna de Ladesses, que parte dun cabo e do outro pella outra de Johan Ares do Couzeyro; e demays uos outorgamos a pagar o dito viño por outra nossa leyra de viña que yaz a su a casa de Pero Ares en Ladesses, e parte pella outra de Johan Gonçalvez de Conçieyro, as quaes leyras t[od]as tres som em Cabanellas, em freguesia de Santa Vaya de Uanga. E demays outorgamos de [...] e pagar o dito viño cada ano a paz segundo dito he e cada hũ de nós polo todo por nós e por [...] nossos erdamentos com todos seus perfeitos e por todos nossos bens mouilles ou re[yzes] du quer que os ayamos, gaanados e por gaanar, que uos obligamos a uos, Diego Go[mez] e aa uosa uoz a pagar o dito vino a paz cada ano segundo dito e; e demays outorgamos [que] uós, Diego Gomez, ou uossos omees ou uosso certo mandadeyro, se uos non pagarmos [...] ano o dito viño segundo dito he, que nos posades por en penorar u quer que achedes a nossa pe[nora], en ermo ou em pobrado ou en lugar coutado ou priuilegiado ou em qualquer lugar sen [...] e sen coomia e sen chamo de couteyro e de mordomo e doutro senorio ninhũ; e a penora que por esta razon receberdes, que a possades uender sem carta e sem mandado d'alcalde e de juiz e sen termino de terçoer dia e de noue dias e de XXX dias e que a posades uender a boa barata e a maa barata, e a uenda que assy for feyta nós a outorgamos e auemos por estauil, e renunçiamos que nunca o posamos contradizer; e demays renunçiamos a todo foro e dereito e ferias e uso e custume

de terra, trellado desta carta, demanda por escrito, prazo de conselo e d'auogado, de terçer dia, de noue dias, de trinta dias, carta de rey e de reyna, de infante, d'arçibispo, de bispo e de meiriño, oste, cruzada, romaria et todas outras razões e eysepções e lees escritas e por escriuir que fossen en contrario desta carta ou das cousas que em ella son escritas e contiudas, [e] nos non ualla a ninhũ tenpo que seya, en juízo nen fora del, mays a todas gisas outorga[mos] de uos dar e pagar os ditos dous puções cada ano segundo dito he. E outorgamos se [...]to non conprirmos e uos contra ello passarmos, que uos peytemos por pena cada uez que uos [...] passarmos çen morabedis dos dineiros brancos e aa uoz del rey outros tantos peite, e a pena [pa]gada ou non pagada a uenda e a carta uallan para senpre.

Testemoias, Esteuo Perez do Ualle, Garcia Yanes do Moredo, Pero Uasquez de Cabanelas, Lopo Garcia de Catasoes, Fernan Yanes de Boncasar, testemoias.

[Ilexible] (signo).

7

1333, maio, 7.

Xoán Pérez e a súa muller, Tareixa Pérez, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz dous puzais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas, ou ben han de lle entregar a contía polo que o vendan. Reciben por este viño un prezo de 55 libras portuguesas.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 34. Orixinal. Pergameo, 285x150 mm. Galego, escritura gótica. Ao volto, “Ansemil. Venta de dos puçales de vino en Cabanelas, renta que conpró Diego Gomez de Deza”.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 1083. Pergameo, 640x210 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he trasllado do dito estromento feyto e signado por lo dito notario Domingo Lourenço, segundo por el pareçia. O qual eu, Afonso Mouro, notario publico jurado de Santiago, vy e lii e de veruo a ueruo fiz traslladar, de mandado e autoridade de dom Nicollao Dominguez, juyz ordinario do julgado de Luou enagleia de Santiago. E en este trallado puge meu nome e sinal.- XVII dias de março, era de mill CCC LXXX e çinquo anos.- Testemoias, Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clérigo, Johan Martinez, Johan Fernandez, sc[ruia]nos (signo)”.

Ed.- Martínez Coello 1999: docs. nº 4 e 5.

[Era de] mill e CCCLXXI ano, sete dias de mayo.

Sabea quantos esta carta viren como eu, Johan Perez, dito da [Re]geira de Cabanelas, morador en Cabo de Vila, e miña moller, Tareixa Perez, presentes e outorgantes, cada huun pelo todo, por nós e por nossa voz, vendemos e para senpre outorgamos a uós, Diego Gomez de Deça, e aa uossa voz, para senpre, dous puçaes de viño puro, sen agoa, qual veian seyr das uuas, e que seian boas uuas da vila de Cabanelas, e que seian sem malizia, e que uolo de cada ano ena dorna [...] acabaçado con dous açumbres cada puçal de viño, ena vila de Cabanelas. Esto uos [...] por preço que a nós por en destes e ia em nosso jur auemos, de que nos outorgamos [...] conuen a saber, çinqoeenta e cinquo libras da moeda portuguesa que conta quareenta [...] libras. E renunciemos que non possamos dizer que de uós non recebemos o dito p[...]mos negar e poer em uossa jura que de uós non reçeberamos o dito preço ata o [...] este direito e esta jura e esta proua uos quitamos; e outrosy outorgamos se uós [...] uosso ome non veerdes polo dito viño eno nouo, que nós e nossa voz que goardemos ou [...] cubemos por nossa custa ena nossa cuba, e pela maneira e pela venda e pelo custo que seyr e valuer o nosso, que por esso se venda o do dito Diego Gomez e de sua voz, e que assy uos acudamos con el pelo preço que valuer o nosso ena cuba, nós ou nossa voz. E outorgamos a uos pagar o dito viño cada ano segundo dito e, por estas leyras que se adeante siguen: por duas leyras de viñas con sua herdade e perfeitos, como estam dizemo a Deus, que auemos eno Ranadoyro, que parte ende hũa pela outra de Pero Ares e parte pola outra d'Esteuo Perez do Vale, e a outra parte pela outra de Pero Cochom e de sua moller, Tareixa Martinez, e parte pela outra de Miguel Parada; e demays uos outorgamos a dar e a pagar o dito viño cada ano, segundo dito e, por todos los nosos bens mouyles e reyz, e herdades, viñas, soutos, casas e aruores, con todos seus perfeitos, que nós auemos e a nós perteeçen e perteeçer deuen de dereito en friguisia de Santa Vaya de Vanga. E demays renunciemos que non posamos dizer que de uós non recebemos o dito preço; e demays outorgamos, se uos non pagarmos o dito viño cada ano como dito e, que uós, Diego Gomez, ou uossos omees ou uosso çerto mandadeyro, que nos possades por el penorar en lugar coutado ou priuiligiado ou en hermo ou en sobrado ou en qualquer lugar que achar des nossa penora, e que nos possades penorar sem moordomo e sen couteyro e sem voz e sem

coomia nenhũa, e que a posades vender a boa barata e a maa barata, e a venda que por esta razon for feyta, nós la outorgamos e renunciámos todo foro e dereito e vssó, costume de terra e totalas outras razõs e eysepções e lees escritas e por escriuir e carta de rey, de reyna, de infante, d'arçebispo e de bispo, merino e toda ajuda e merçee que nos estes señores sobr'esto podessen fazer, oste, cruzada, romaria, traslado desta carta, demanda por escrito, prazo de consello d'auogado, e de noue dias e de trinta dias e totalas outras razõs e eysepções e lees escritas e por escriuir que fossen en contrario desta carta e das cousas que en ela som escritas e conteudas, que nos non vallam sobr'esto en juízo nen fora del, mays a todas guisas outorgamos de uos pagar cada ano o dito viño segundo dito e, e demays outorgamos que nós ou outro que uos a esto passar e uolo assy non conprir que uos peyte por pena por cada ano que volo assy non conprirmos çincoenta libras de dinheiros brancos, e aa voz del rey outros tantos peyte, e a pena pagada ou non pagada a venda e a carta fique firme e valla para senpre.

Testemoias: Esteuo Ares da Fonte, Pero Vaasquez, alfiate, Johan Castaneiro, Garcia Anes, yрмаo de Johan Castaneiro, Fernan Yanes de Bom Cassar, *testemoias*.

E eu, Domingo Lourenço, notario del rey en terra d'Orzellom e de Sam Johan de Nouoa e do Ribeiro da Auia, a esto presente fuy e esta carta escriui e en esta carta meu sinal fiz, que tal (*signo*).

8

1333, maio, 27.

Pedro Vázquez e a súa muller, María Fernández, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz un moio de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas, ou ben han de lle entregar a contía polo que o vendan. Reciben por este viño un prezo de 110 libras portuguesas.

A.- AHRG, subsección L, balda P, caixa 31. Original, pergameo, 365x125 mm. Galego, escritura gótica. Ao dorso, "Vino, Ansemill. Venta hecha a Diego Gomez [de De]ça de vn moyo de vino de renta de Cabanelas. Ay mas scripturas desta".

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 6.

Era de mill CCC LXXI ano, viinte e sete dias de mayo.

Sabean quantos esta carta viren como eu, Pero Vaasquez de Cabanelas e miña moller, Maria Fernandez, presente e outorgante, por

nós e por nosa voz, vendemos e para senpre outorgamos a uós, Diego Gomez de Deça, e aa uossa voz para senpre, huun moyo de viño puro, sen [a]goa, qual ueian seyr das vuas e que seian boas uuas da vila de Cabanelas, que seia sen malizia, e que uolo de cada ano ena dorna, acabaaçado con dous [açunbr]es cada puçal de viño, ena vila de Cabanelas. Esto vos vendemos por preço [que] a nós por el destes e iam en nossa jur auemos, de que nos outorgamos por ben pagados; conuen a saber, cento e dez libras da moeda portuguesa, que conta [qua]reenta par de dineiros por tres libras. E renuncio que non posamos dizer que de uós non rezebemos o dito preço, e outrossy que mas podiamos negar e poer en nosa jura que de uós non receberamos o dito preço ata o tempo dos dous anos este direito e esta jura [e e]sta proua uos quitamos. E outrossy outorgamos se uós, o dito Diego Gomez ou uos[so] ome noon veerdes polo dito viño eno nouo, que nós e nosa voz que goardemos o dito viño e o encubemos por nossa custa ena nosa cuba, e pela maneira [que] pela venda e pelo custo que seyr e valuer o nosso, que por eso se venda o do dito Diego Gomez e de sua voz, e que assy uos acudamos con el, pelo preço que uauer (*sic*) o nosso ena cuba, nós ou nosa voz. E outorgamos a uos pagar o dito viño cada ano, segundo dito e, por estas leytras que se adeante siguen: pela nosa leytra da viña que teemos u chaman Congostro, que [é] su a herdade que parte pela outra de Lourenço Dominguez, e parte pela outra de Domingo Regalado, e outorgamos de uos pagar pela outra nosa leytra de viña que [é] su a herdade que iaz u chaman Portela do Escanpado, que parte pela outra de Beeynto e vay feryr aa congostra. As [q]uaes leytras uos obrigamos por dizemo a Deus, que son en felegresia de Santa Uaya de Vanga. E demays uos outorgamos a dar e a pagar o dito viño cada ano, segundo dito e, por todos os nosos beens mouyles e reyzes e herdades, viñas, soutos e casas e aruores, con todos seus perfeytos que nós auemos e a nós perteeçe e perteeçer deue de dereito en feligresia de Santa Uaya de Vanga, e demays renunçio que non posamos diccer que de uós non rezebemos o dito preço, e demays outorgamos, se a uós non pagarmos o dito viño cada ano como dito e, que uós, Diego Gomez ou uosos omees ou uoso certo mandadeyro, que nos posades por el penorar en lugar coutado ou preuyligiado, ou en hermo ou en sobrado, ou en qualquer lugar que achardes nossa penora, e nos posades penorar sen moordomo e sen couteyro e sen voz e sen cõomia nenhũa, e que a posades vender a boa

barata e a mãa barata, e a venda que por esta razon for feyta rassa outorgamos. E renunçiamos todo foro e direito e vso costume de terra e todalas outras razões e exsepções e lees, escritos e por escriuir, e carta de rey e de reyna e d'enfiante e d'arçebispo, de bispo e de merino e toda merçee que nos estes señores sobr'esto podesen fazer; oste, cruzada, romaria, tralado desta carta, demanda por escripto, prazo de consello d'auogado e de noue dias e de triinta dias e todalas outras razoes e exsepções e lees escritas e por escriuir que fosen en contra desta carta e das cousas que en ela son escritas e conteudas, que nos non vala sobr'esto en juyzo nen fora del, mays a todas guisas outorgamos de uos pagar cada ano o dito viño segundo dito e. E mays outorgamos que n[ós] ou outro por nós a esto pasar e uolo assy non comprir, que uos peyte por pena por cada ano que uolo non comprirmos cento e dez libras de d[ineiros] brancos, e aa voz del rey outros tantos peyte, e a pena pagada ou non pagada a venda e a carta fique firme e valla para senpre.

Testemoias: Esteuo Ar[es] da Fonte, Esteuo Dominguez, Johan Perez da Regueira, Pero Fernandez de Cabanelas, Garcia Dominguez, yrmao de Johan Castaño e Francisco Yanes de Bon Casar, [testes].

E eu, Domingo Lourenço, notario del rey en terra d'Orzellom, [e de] Sam Johan e de Nouoa e de Ribeiro da Auya, a esto presente fuy [e] esta carta escriuy e en esta carta meu sinal fiz, que tal [signo] he.

9

1333, maio, 27.

Pedro Eans vende a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz dous puzais anuais de viño das súas viñas de Cabanelas, ou ben han de lle entregar a contía polo que o vendan. Recibe por este viño un prezo de 55 libras portuguesas.

A.- AHRG, subsección L, balda P, caixa 35. Original, pergameo, 345x135 mm. Galego, escritura gótica. Ao dorso, “Venta de dos p[uçae]s de vino que conpro en Cabanelas Diego Gomez de Deça, qu'esta sepultado en el monasterio de Ansemill”.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 32. Pergameo, 620x210 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he traslado do dito estromento, feyto e signado pelo dito notario Domingo Lourenço, segundo por tal pareçia, e qual eu (signo) Afonso Mouro, notario publico jurado de Santiago vy e lii et de veruo a ueruo fiz trasladar, de mandado e autoridade de dom Nicollao

Dominguez, juyz ordinario do julgado de Luou ena igleia de Santiago, e en este trasllado puge meu nome e sinal.- XVII dias de março, era de mil e CCC e LXXX e çinquo anos.- Testemoias: Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clerigo, Johan Martinez, Johan Fernandez, scriuanos”.- Ao volto, “Ventas hechas a Diego Gomez [de De]ça de quatro canados de vino en Cabanelas. Son quatro pu[çal]es, que es vn moyo”.

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 7.

Era de mill e CCC e sateenta e huun ano, viinte e sete dias de mayo.

Sabea[n] [quant]os esta carta viren como eu, Pero Yanes de Cabo de Vila de Cabanelas, fillo de Johan Fernan Andre, por min e por miña voz, vendo e para senpre outorgo a uós, Diego Gomez de Deça, e aa uossa voz, dous puçaes de viño puro, sem agoa, qual veian s[ay]r das vuas, e que seian boas uuas da vila de Cabanelas, que seian sen malizia e que uolo dé cada ano ena dorna, acabaaçado con dous açunbres de viño cada puçal, ena vila de Cabanelas. Esto uos vendo por preço que a min por en destes e iam en meu jur ey, de que me outorgo por ben pagado; conuen a saber, çinqueenta e çinquo libras da moneda portuguesa, que contan quareenta par de dineiros por tres libras; e renunçio que non possa dizer que de uós non reçebi o dito preço, e outrossy que eu podia negar poer en uossa jura que de uós non reçebera o dito preço ata o tenpo dos dous anos; este dereito e esta jura e esta proua uos quito. E outrossy outorgo se uós, o dito Diego Gomez ou uoso ome, non veer polo dito viño eno nouo, que eu e miña voz que o goarde o dito viño e o encube por miña custa ena miña cuba, e pela maneira e pela venda e pelo custo que seyr e valuer o meu, que por eso se venda o do dito Diego Gomez e de sua voz, que assy uos acuda con el pelo preço que valuer o meu ena cuba, eu ou miña voz. E outorgouos a pagar o dito viño cada ano segundo dito e por estas leyrras que se adeante siguen: pela miña leyra da viña con sua herdade e perfeytos como esta, que iaz u chaman os Enxertos, que parte pela outra de Saluador do Moredo, e parte pela outra de fillos de Sancha Eanes, e outorgouos a pagar por outra leyra de viña con sua herdade que eu ei, que iaz u chaman o Candeedo, que parte en çima pela outra d'Afonso Esteuez de Beran, e en fondo parte pela outra de Pero Fernandez; e outorgo uos a pagar por outra leyra de viña con sua herdade e perfeytos como esta, que eu ey u chaman o Candeedo, que parte pela outra de Fernan Yanes do Curreal, que som en felegresia de Santa Vaya de Vanga. E demays uos outorgo

a dar e a pagar o dito viño cada ano segundo dito e por todos os meus bens mouyos e reyes, herdades, viñas e sotos e cassas e aruores, con todos seus perfeitos que eu ey e a min perteece e perteece deuen de dereito en freguesia de Santa Vaya de Vanga. E demays renunço que non possa dizer que de uós non rezeby o dito prezo, e demays outorg[o] se uos non pagar o dito viño cada ano como dito e, que uós, Diego Gomez ou uossos omees ou uosso certo mandadeyro, que me possades por en penorar en lugar coutado ou preueligado ou en hermo ou en pobrado ou en *qualquer* lugar que achedes miña penora, e que me posades penorar sen moordomo e sen couteyro e sen voz e sen cõomia nehũa, e que a posades vender sen termino de noue dias e de trinta dias e de terçer dia e sen carta de juyz e d[al]cayde, e que a posades vender a boa bar[a]ta e a maa barata, e a venda que por esta razõ for feyta eu a outorgo, e demays renunço a todo foro e dereito e ferias e vso e costume de terra e todas outras razõs e eysepções e lees escritas e por escriuir e carta de rey e de reyna, de infante, d'arçebispo e de bispo e de merino e toda merçee e ajuda que me estes señorias sobre esto podessen fazer oste, cruzada, romaria, traslado desta carta, demanda por escrito, praço de consello d'auogado de noue dias, de triinta dias, e todas outras razõs e eysepções e lees escritas e por escriuir que fosem en contrario desta carta e das cousas que en ela son escritas e conteudas, que me non vallan sobr'esto en juyzo nen fora del, mays a todas guisas outorgo de uos pagar cada ano o dito viño segundo dito e. E demays outorgo que eu ou outro quen uos a esto pasar e uolo assy non *conprir* que uos peyte por pena por cada ano que uolo non *conprir* çinqoeenta libras de dineiros brancos, e aa voz del rey outros tantos peyte; a pena pagada ou non pagada a venda e a carta fique firme e valla para senpre.

Testemoias: Johan Marquez, juyz d'Orzellom, Esteuoo Ares da Fonte, e Esteuoo Perez do Uale, Johan Castano de Cabanelas; Fernan Yanes de Bon Cassar, *testes*.

E eu, Domingo Lourenço, notario del rey en terra d'Orzellom e de San Johan e de No-uoa e do Ribeiro da Auia, a esto presente fuy e esta carta escriui e en esta carta meu sinal fiz (*signo*) que tal he.

10

1333, maio, 27

García Eans e a súa muller, Tareixa Pérez, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa

voz un moio de viño branco en cada ano das súas viñas de Cabanelas. Reciben por este viño un prezo de 110 libras portuguesas.

A.- AHRG, subsección L, balda P, caixa 37. Orixinal, pergameo, 250x145 mm. Galego, escritura gótica. Ao dorso, "Ansemil. Vino. De vn moyo de vino de renta em Cabanelas de lo que conpro Diego Gomez de Deça".

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 10.

Era de mil CCC^{tos} LXXI ano, vinte e sete dias de mayo.

Sabean *quantos* esta carta viren como eu, Garcia Anes, dito de Quintela de Cabanellas, filo de Tareixa Fernandez, e sua muller Tareixa Perez, presente e outorgante, por nós e por todas nossas voces, uendemos para senpre outorgamos a uós, Diego Gomez de Deça, e a uosa uoz para senpre, hun moyo de viño branco puro, sen agua, o qual vino ueia seyr das vuas e que syan boas uvas da villa de Cabanellas, e que syan sen mallicia, que uolo dé de cada ano ena dorna, acabaçado con dous açumbres cada puçall de viño, enna villaa de Cabanelas. Esto uos uendemos por prezo que a nós por ende destes e ja en noso jur auemos, de que nos outorgamos por ben pagados, conuen a saber, çento e dez libras da moeda portuguesa, que conta quareenta par de dineiros por tres libras, e renuncio que non posamos dizer que de uós non recebemos o dito prezo. Esto que uolo uendo para senpre por *quantos* herdamentos e viñas e aruores con seus perfeitos como estan, que eu ey e a min pertencen de dereito en vila de Cabanelas, su cadea de Santa Vaya de Uanga, e en outros lugares u quer que a eu aia, a montes e e (*sic*) a fontes, ganados e por ganar. Esto uos vendo, que o ajades para senpre en doaçõ por dizimo a Deus, por prezo que a min por ende destes e ja os en meu jur ey, de que me outorgo por ben pagado; conuen a saber, por CX libras como de suso dito he. A tal venda uos outorgo se uos non pagar o dito vino cada ano *segundo* dito he, por todos los meus bens que uos por ende oblige e outorgo que eu ou outro *qualquer* que uos a esto passar peyte a uós por pena duzentos e LXX^{ta} libras da dita moeda, e a uoz del rey outras tantas, e a uenda e a carta vala para senpre e este em sua reuor. Demays outorgo se uos non pagar o dito vino cada ano como dito he, que uós, o dito Diego Gomez ou uosa uoz, que aiades poder de nos pinorar e de rezeber e de recadar nós e nosos bens por u quer que os nós ouvermos, tan ben em lugares coutados ou por coutar, e

que non ayamos poder deste dia em ante de o deytar nen sopinar nen uender, e se o fazer quisermos, que nos non vala a saluo a que pagar esta moyadiga.

Testemoias: Johan Marquez, juyz d'Orzellon, Saluador Yanes do Moredo, Fernando Dominguez de Cabanellas, Martin Gonçalvez, filo de Gonçaluo Fernandez de Uanga, Johan Yanez da Eyra da vila de Cabanelas, *testemoias.*

E eu, Domingo Lourenço, *notario del rey en terra d'Orzellon e de San Johan e de Nouoa e do Ribeyro da Auya, a esto presente foy e esta (signo) carta en miña presenza fiz escriuyr e en esta carta meu sinal fiz, que tal he.*

11

1333, maio, 27.

Mariña Martínez e o seu marido venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz dous puzais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas, ou ben han de lle entregar a contía polo que o vendan. Recibe por este viño un prezo de 55 libras portuguesas.

B.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 36. Pergameo, 320x185 mm. Galego, escritura gótica. Traslado notarial feito por Afonso Mouro en 1347, marzo, 18: “Este he traslado do dito estromento feyto e signado por llo dito notario Domingo Lourenço, segundo (*signo*) por el pareçia, en qual eu, Afonso Mouro, notario publico jurado de Santiago vy e lei e de veruo a veruo fiz trasladar, de mandado e autoridade de dom Nicolao Dominguez, juiz ordinário do julgado de Luou ena igreia de Santiago, e en este traslado puge meu nome e sinal.- XVII dias de março, era de mil e CCC e LXXX e cinco anos.- *Testemoias*, Pero de Castro, Johan Perez de Busto, clerigo, Johan Martin e Johan Fernandez, *scriuanos*”.- Ao volto: “Venta que se hizo a Diego Gomez de Deça, de dous puçales de viño en Cabanelas”.

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 9.

[Era] de mill e CCCLXX e huun ano, vynte e sete dias de mayo.

Sabea[n] quantos esta carta vir[en] como eu, Estevo Domínguez,] *veziño de Cauanellas, e a miña moller, Marina Martinez, presente e outorgante, por nós e por nosa voz e cada huun pelo todo, vendemos e outorgamos para senpre a uós, Diego Gomez de Deça, e aa uosa [voz] para senpre, dous puçaes de viño puro sen agoa, qual veiam seyr das vuuas (sic), e que seia[n] boas vuuas da vila de Cabanellas, e*

que seia [...] sem maliça, e que uollo dé cada ano ena dorna, acabaaçado con dous açunbres de vino cada puçal, na villa de Cabanellas. Esto uos vendemos por preço que a nós por en destes e ia em nosso jur auemos, de que nos outorgamos por bem pagados; conuen a saber, çinquenta e cinco libras da moeda portugeessa, que conta quarenta pares de dineiros tres libras. E renunço que non possa dizer que de uós non recebi o dito preço; e outrosy que eu podia negar e poer em uossa jura que de uós non requeira o dito preço ata tempo de dous anos; este direito e esta jura e esta proua uos quitamos, e outrosy outorgamos se uós, o dito Diego Gomez ou uosso home, non veerdes polo dito viño eno nouo, que nós e nosa voz que gardemos o dito viño e encubemos por nosa custa ena nossa cuba e por lla maneira e por la uenda e por lo cursso que seyr e valuer o noso, que por eso se uenda o do dito Diego Gomez e de sua uoz, e que assy uos acudamos con el por lo preço que ualuer o noso ena cuba, nós e nosa uoz. E outorgamosuos a pagar o dito viño cada ano, segundo dito he, por estas leyras que se adeante sigem: por la nosa leyra da viña con sua herdade e perfeitos que nós auemos hu chaman a Retorta, que parte por la outra d'Afonso Esteuez de Beram e parte por la outra de Esteuo Aras da Fonte, e por la nosa cortina con sua herdade que chaman das Chedas, que parte por la de Miguel Partida e parte por lla outra de Maria Perez de Oyra e por la outra nossa leyra de viña con sua herdade que nos auemos u chaman Lagar Pedrino, que parte por la outra de Johan de Baram e parte por la congostira que uay para Lodesos, que som em friguesia de Santa Uaya de Uanga. E demays uos outorgamos a dar e pagar o dito vino cada ano segundo dito he, por todollos nossos bens mouilles e rayz, herdades, viñas, soutsos, casas, aruores, con todos seus perfeitos, que nos auemos e a nós perteeçe e perteeçer deue de dereito ena friguísia de Santa Uaya de Uanga, que nós por ende obligamos. Demays renunciemos que non posamos dizer que de uós non recebemos o dito preço, e demays outorgamos se uos non pagarmos o vino cada ano como dito he a uós, Diego Gomez, ou uosos homes ou uoso çerto mandadeyro, que nos posades por en penorar em lugar coutado ou priuilegiado, em ermo ou em pobrado, ou em qualquer lugar que a achardes nossa penora, e que nos posades penorar sen moordomo e sem couteiro e sem uoz e sem coomea ninhũa, e que a posades vender sem termo de noue dias e de XXX dias e de terçer dia e sem carta de juiz nen de alcayde, e que a posades uender a

boa barata e a maa barata, e a uenda que por esta razon for feita, nós la outorgamos; e demays [renun]ciamos a todo dereito e ferias e foro e vso e custume de terra e a todas outras razões e eysep[ções] e leys escriptas e por escripui, e carta de rei e de reyna e de infante, d'arçibispo, de bispo o de meyrriño [e t]oda merçee e ajuda que me estes señores sobr'esto podesem fazer, oste, cruzada, romaria, trallado de carta, demanda por escripto, prazo de consello d'auogado, de noue dias, trinta dias e todas outras [razõ]es e eysepções e lees scriptas e por escripui que fosem en contrario desta carta e das cousas que som escriptas e contidas, que nos non uallam sobr'esto em juyzo nen fora del, mays a todas guisas outorgamos a dar e pagar o dito viño cada ano segundo dito e; e demays outorgamos que nós ou outro que uos a esto passar e uolo assy non conplir que uos peite por pena por cada ano que uollo non conprir cincoenta libras de diñeiros branquos, e aa voz del rey outros tantos peyte, e a pena pagada ou non pagada a venda e carta fique firme e uala para senpre.

Testemoias: Esteuo Aras da Fonte, Johan Perez da Regeyra, Pero Fernandez de Cabanellas, Garçia Eanes, yrmão de Johan Castano, Fernan Eanes de Boycasar, testemoias.

E eu, Domingo Lourenço, notario del rey em terra d'Orzellom e de San Johan e de No-uoa e do Ribeyro de Auya, a esto presente foy e esta carta em mia presenza fiz escriuir e em esta carta fiz meu sinal, que tal he.

12

1333, [...], 6.

Estevo Pérez e a súa muller, Mariña Martínez, venden a Diego Gómez de Deza e toda a súa voz seis puzais de viño en cada ano das súas viñas de Cabanelas. Reciben por este viño un prezo de 165 libras portuguesas.

A.- Arquivo do Reino de Galicia, plano 711. Orixinal. Pergameo, 320x145 mm. Galego, escritura gótica. Ao dorso: "Venta hecha a Diego Gomez de Deça de seys puçales de vino en Cabanelas".

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 15.

Era de mil e CCC LXXI ano, seys [...]

[Sa]bean quantos esta carta viren como eu, Estevo Perez de Ualle de Cabanellas e miña moller, Marina Martinez, presente e outorgante, por nós e por toda nossa uoz, vendemos e

para sempre outorgamos a uós, Diego Gomes de Deça, e a toda vossa uoz, seys puçaes de viño puro, sem agoa, qual veian seyr das uuas, e que seya de boas vuas da villa de Cabanellas, acabaçado con duas acabaçaduras de dous açumbres de viño cada puçal, por midida de-reyta da villa de Cabanellas, o qual viño uos outorgamos a dar e a pagar a paz en saluo ena villa de Cabanellas cada ano eno nouo de viño ena dorna, a uós ou aa uossa uoz ou a quen uós mandardes. Esto uos vendemos por preço que a nós por en destes e iam en nosso jur auemos, conuen a saber, çento e saseenta e çinquo libras da moneda purtuguessa, de que conta XL pares de diñeiros por tres libras, de que nos outorgamos por ben pagados. E renunciemos que non possamos dizer que de vós non reçebemos o dito preço, e se y a ley ou dereito ou usso ou custume que nós podiamos negar que de uós non reçeberamos o dito preço, e que uós erades tiudo de nos prouar ata [o tempo] dos dous anos en como nos derades o dito preço, e que nós podíamos poer [...] este dereito e esta jura e proua uos quitamos; e demays renunçiamos esta [...] que nós non posamos a ello chamar nen alegar nen nos ualla sobr'esto en iuício [...]. E demays outorgamos de uos dar e pagar o dito vino cada ano por estes er[damentos ...] deante escritos, que se aqui siguen, que uos por en obligamos: conuen a saber, pella nossa leyra da viña, dizimo a Deus, com sua erdade e perfeytos como está, que jaz u chaman a Portella, que parte pella viña que y está, que foy de Gonçaluo Fernandez de Quínteela, e parte pella outra viña de Mayor Sobre la Fonte e de seus yrmãos; e demays uos obligamos a pagar o dito viño segundo dito e, por outra nossa leyra de uiña con sua erdade e perfeitos como está, que yaz u chaman o Portello do Chão, que parte pella outra de Garcia Yanes do Moredó, e parte pella outra de Maria Perez da Eyra. E demays uos outorgamos a pagar o dito viño como dito e, por outra nossa leyra de uiña, dizimo a Deus, con sua erdade e perfeitos, que iaz u chaman as Quartas, que parte pella viña que y ten Affonso Martinez do Castro, e parte pella outra de Maria Anes do Boeyro, as quaes leyras todas tres som em Cabanellas, en freguesia de Santa Vaya de Uanga. E demays outorgamos de uos dar e pagar o dito viño cada ano a paz, segundo dito he, nós e cada huun de nós pello todo, por nós e por todollos nossos erdamentos con todos seus perfeytos e por todos nossos beens mouilles e reyzes, d'u quer que os aiamos, gaanados e por gaanar, que uos obligamos a uós, Diego Gomez, e aa uossa uoz a pagar o dito viño cada ano a paz

segundo dito he. E demays outorgamos que uós, Diego Gomes, ou uossos omees ou uosso certo mandadeyro, se uos non pagarmos cada ano o dito viño *segundo* dito he, que nos possades por en penorar u *quer que* achedes a nosa penora en ermo ou em probado ou en lugar coutado ou *preuilegiado* ou em *qualquer* lugar que achedes a nosa penora sen uoz e sem coomia e sen chamo de couteyro e de moordomo e doutro seniorio nenhum. E a penora que por esta razon recheberdes que a posades vender a boa barata e a maa barata, sen carta e sen mandado d'alcalde e de juiz e sem termino de terçer dia e de noue dias e de XXX dias. E a uenda que assy for feyta nós a outorgamos e renunçiamos que nunca a posamos *contradizer*. E demays renunçiamos a todo foro e *dereito* e ferias e usso e custume de terra e carta de rey e de reyna e de infante e d'arçibispo e de bispo e de meyrino e toda ajuda e merçee que nos estes señores sobr'este podesen fazer, oste, cruzada, romaria, trellado desta carta, demanda por escrito, plazo de consello e d'auogado, de terçer dia, de noue dias, de XXX^a dias, e todas outras razões e eysepções e lees escritas e por escrever que fossen en *contrario* desta carta ou das cousas que em ella som escritas e contiuidas, que nos non uallan a ninhun tempo que seia, em juízo *nen* fora del. Mays a todas gissas outorgamos de uos dar e pagar os ditos seys puças de viño a paz cada ano como dito he. E outorgamos que se uos esto non complirmos e uos *contra* ello passarmos, que uos peitemos por pena cada uez que uos *contra* elo passarmos CC morabedis de dineiro branco e aa uoz del rey outros tantos, e a carta pagada ou non pagada a uenda e a carta uallan *para sempre*.

Testemoias, Johan Marquez, juiz d'Or[zellon], Johan Castano, Garçia Yanes do Morredo, Domingo Perez, Pero Vaazquez, Estebo de Cabanellas, [...] testemoias.

13

1336, agosto, 23.

A abadesa Sancha García toma posesión, para si e para o convento de San Pedro de Ansemil, por parte dos veciños de Cabanelas, dos bens e rendas que deixara ao mosteiro Diego Gómez de Deza.

A.- AHRG, subsección L, balda P, caixa 40. Orixinal, pergameo, 400x170 mm. Galego, escritura gótica. Moi deteriorado no seu terzo superior, coa tinta esvaída e unha importante rotura que afecta á esquina superior dereita do pergameo. Ao dorso, "Ansemill, vino. Posesion

e reconocimiento a la abbadesa de San Pero de Ansemil del vino e propiedades de Cabanelas".

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 12. O autor data o documento o día 13 dos ditos mes e ano.

Era de mill e treçentos e setenta e quatro anos, XXIII dias do mes de agosto.

Sabean todos quantos esta carta vyren como en presenza de min, Domingo Lorenço, notario del rey en terra d'Or[zello]m e de Deçon, e das testemoias [...ad]eante escritas, [...] este dito dya, es[ta]ndo ena [...]yra dala d[e Caba]nelas, e estando y dona Sancha Garçia, abadesa do moesteiro de [San Pedro de Ansemi]l e dos testemoias que eran presentes e p[rest]es para resceber em no[me...] e do convento do dito lugar e para a capela de [Santa Ana] [...] dito moesteiro totalas erdades e casas [...] e moyadegas e puças de viño que Diego Gomez [...] e guardou ena dita villa de Cabanelas [...]sas sobreditas, as quaes erdades e cousas [...] sua alma e por amor de Deus a dita capela [...] dito notario presentauan os dous estormentos [...] ganças *segundo* que as fezeron os moradores da d[...] Diego Gomez. E logo [...] eno dito dia e [...] perante min pesonaelemente Johan Fernandez de Fondo de V[ila] e Johan Perez da Rigeira e Esteuão Perez e Iohan Perez de Cabo de Villa e Esteuão Dominguez e Garcia Anes de Quintela e Domingo Perez, dito Mouro, e Pero Eanes de Cabo de Villa e Pero Eanes, fillo de Iohan Fernandez Andre, e Pero Vazquez, e Roy Lourenço, e Salvador Eanes, e Esteuão Ares da Fonte de Cabanelas e Roy Lourenço, fillo de Iohan Fernandez de Fondo de Villa, e Domingo Eanes da Eyra, e suas mulleres, presentes e outorgantes, estes todos por si e por outros que presentes non estauan, diserron que benyram resceber ya á dita dona abadesa con as conpras e con as ganças que elles auyan feitas ao dito Diego Gomez, e que se por aventura elles ou cada huuns de elles non fezeran as vendas como deuian de ser feitas de *dereito* ou se as fezeran con engano ou con força algũa, que agora se outorgauan por satyfeitos e por ben contentos, por quanto os ditos erdamentos e cousas sobreditas son do dito moesteiro e capela de Ansemil, e conprometemos e outorgamos de non viremos contra ello en juízo *nen* fora de el, *nen* contra a dita abadesa *nen* contra do moesteiro e capela, e se contra elo pasar *queseremos* que nos non valla a nós *nen* a outro por nós, e *qualquer* da nosa parte ou da estranya que contra ello pasar quisser aja a nosa maldiçon e a [de] Deus. E demays renunçiamos toda ley gotica e romana

e dereito e jur e propiedade e voz de qualquer estado e condiçon que a nós hy ajamos. E tolemos e tyramos de nós estas cousas sobreditas e damosllas a vós, a dita abadesa e ao dito vosso moesteiro e capela; e se as ditas erdades mays valian ca o preço que nós de ellas recebemos do sobredito Diego Gomez que as damos ao dito moesteiro e capela en pura doaçõ por o amor de Deus e por nossas almas e de aquelles cujas ellas foron e fiquaron. E a dita dona abadesa, que estaua presente, asy o resebeu.

Testemoias que foron presentes: Johan Marquez, juiz d'Orzellon, e Saluador Eanes do Moredo, e Esteuão Dominguez de Cabanelas, e Martiño Gonzalez de Vanga, e outros testemoias.

Eu, Domingo Lourenço, notario del rey en terra d'Orzellon e de San Johan e de Nouoa [e] do Ribeiro da Auya, a esto presente fooy e esta carta en miña [...] meu nome e meu synall fiz (signo).

14

1337, outubro, 20.

O cabaleiro Diego Gómez de Deza doa á abadesa Sancha García e ao convento de San Pedro de Ansemil catorce mollos de viño anuais dos seus herdamentos en Cabanelas, pola súa alma e por esmola. Abadesa e convento comprométense, en compensación, a outorgar ao capelán da capela de Santa Ana unha ración equivalente á dunha monxa do mosteiro, a máis de a manter sempre dotada dita capela, fundada polo oferente e na que este se ha de enterrar.

A.- AHRG, subsección L, balda P, caixa 39. Orixinal, pergameo, 420x210 mm. Galego, escritura gótica. Deteriorado na marxe dereita na súa metade inferior. Ao dorso, "Ansemill. Doñación que hizo Diego Gomez de Deça a este monasterio de catoze moyos de vino en Cabanelas; hay otra tal como esta".

Ed.- Martínez Coello 1999: doc. nº 13.

Era de mill e CCC^{os} e seteenta e cinco anos, viinte dias d'outubro.

Sabbeam todos que eu, Diego Gomez de Deça, caualeiro, non deçebrido por engano nen constringido por forza, mays de miña propria liure e conprida uontade, mando por min e por toda miña uoz dou e d[...]f[...] outorgo para sempre [...] como melor doaçõ, mays firme e mays valedera pode [...] ontre biuos para sempre a uós, dona Sancha Garcia, abbadessa, e o conuento do moestey[ro de San

